



HISTORIAS DE 1º e 2º DE ESO

A neve nos Alpes

O día era excepcional, o sol petaba nos picos daqueles preciosos montes; aquelas montañas co cume branco e aquelas ladeiras cos cervos correndo por elas...

Era febreiro e ía moito frío, pero aquel día estaba soleado. Nós estabamos na cidade e decidimos ir esquiar un pouco esa fin de semana.

Cando chegamos alí, ía un sol que nunca se vira, ata o dicían na vila os máis vellos. Había moitos turistas e todos abraídos por aquel lugar tan marabilloso.

Ata os monitores que tiñamos estaban sorprendidos. De repente, empezaron a berrar cara a nós todos os homes e mulleres do pobo, non entendiamos nada. Por que berraban? Por que estaban tan asustados? Viñan cara a nós todos alucinados.

- Baixade, na vila está ocorrendo unha cousa que nunca se vira!-dicía un vello home.
- Que pasou? Pasou algo malo?
- Non, todo o contrario, vide! Vide!

Nós, con moito abraio, baixamos á vila, estaba ocorrendo unha cousa nunca vista. Alí, a xente, dende as súas casiñas, mirando polas fiestras de madeira pequeniñas e nós moi abraídos mirando aquela preciosa paisaxe: estaba nevando! Pero non caía neve senón que caían diamantes!

Algunha xente collíaos e levábaos para as súas casas, e nós sacando fotos. Os periodistas, ao enterárense disto, viñeron apurados para a vila a sacar algunha foto para publicar nos periódicos e revistas, e até viñeron os da televisión a gravar aquel acontecemento.

XISELA FUCIÑOS VÁZQUEZ, S2B



Unha noticia sensacional

Daniel era un neno moi louro e alto, ía todos os días á escola, estaba en quinto. A súa nai, Mercedes, quería moito. Daniel quedara sen pai, xa que morrera nun accidente de tráfico.

Un día que estaba co mando do televisor e pulsou o botón de parada, a nai quedara quieta coma unha estatua; el deuse conta de que facía efecto nas persoas, entón meteuno na mochila. No camiño ao colexio andaba xogando con el e cambiaba as cores dos semáforos, paralizaba os gardas, etc. Chegou, por fin, despois de tanto andar. Todos os rapaces rían porque paraba os nenos coa boca aberta, cunha perna levantada, metendo o dedo polo nariz, etc.

Nas clases cambiaba aos profesores, as actividades que tiñan que facer... Ninguén se daba conta, así que el seguía coas súas aventuras. De volta á casa, até cambiaba o pensamento das persoas e pintaba todo de cores. E así pasou o día. Pola noite, a nai comentoulle que había que comprar outro televisor e vender ou tirar este no lixo e que non encontraba o mando a distancia. El aínda o tiña na carteira e non podía deixar que se decatara a súa nai, nin o que era capaz de facer, así que se puxo sereno e díxolle que non se podían desfacer del, que fora un regalo da comunión. Entón, púxoo na súa habitación e o novo na de súa nai; así quedaron os dous en paz.

PATRICIA VÁZQUEZ LOUREIRO, S2A





HISTORIAS DE 1º e 2º DE ESO

Os excursionistas



Nunha vila da provincia da Coruña chamado Melide, vivía unha familia que ía todas as fins de semana de excursión. O pai chamábase Antonio, a nai Marisa e o fillo Carlos.

Era un venres pola tarde e estaban pensando a onde ir esa fin de semana; a Carlos ocorréuselle ir a un bosque ao que xa foran o ano anterior. Os seus pais estiveron de acordo e o sábado pola mañá saíron cara o bosque.

Cando chegaron, empezaron a montar a tenda de campaña. Ao rematar de comer, foron dar un paseo polo bosque.

Cearon e foron durmir. Ao día seguinte, despois de comer, empezaron a recoller para ir para a casa.

Eran máis ou menos as sete cando se puxeron en camiño. Ás oito e media chegaron á casa e déronse conta de que Carlos non estaba. Os pais, moi preocupados e apurados, volveron ao bosque e non o viron. Cando chegaron por segunda vez á casa, eran as doce e media da noite.

Chamaron á policía e a policía púxose en camiño para alí. Marisa deulle á policía unha foto de Carlos e os catro homes da policía saíron cara o bosque.

Xa pasaran dous días e Carlos sen aparecer. El estaba cun rapaz que atopou no bosque, chamábase Óscar, era orfo e escapara do orfanato.


O xoves, 22 de setembro, atopáronos; levaron a Óscar ao orfanato a buscar as súas cousas e foise vivir con Carlos para a súa casa. Os dous rapaces ían xuntos á escola e pasábano moi ben.

Eran coma irmáns. Seguían indo de excursión as fins de semana, pero agora era máis divertido, porque estaba Óscar.

Nunca máis volveron a ese bosque.

LIDIA RODRÍGUEZ PENAS, S2A

A mansión encantada. 1º parte.



Esta historia que vos conto ocorreu nunha aldea próxima a Melide. Dous amigos estaban sentados na terraza dun bar. Un era natal da zona, chamábase Serxio. O outro era de lonxe, do estranxeiro, e chamábase Iván. Os dous coñeceráanse nun campamento de nenos e decidiran volver verse. Iván, marabillado pola beleza do lugar, estaba pensando en trasladarse e por esa razón, o último día das dúas semanas que alí ía estar, pasou pola inmobiliaria Villamor de

Melide e deulle o seu número. Xa na súa casa de Moscú, recibiu unha chamada comunicándolle que atoparan unha mansión de dous mil cinco centos metros cadrados a dez euros o metro cadrado e cun extra de mil metros cadrados de xardín. Estaba nunha aldea próxima a Melide, no concello de Santiso. O seu baixo custo agradouno e decidiu ir ver o interior da casa. Esta era moi espazosa, tal e como se dicía na inmobiliaria, e estaba moi ben comunicada por unha estrada moi ancha que comunicaba Santiso con Melide.

Cando a comprou, foi dicirlllo a Serxio e este asustouse moito. El dixo que todos os que alí viviron morreron ao mes e sempre aparecía soamente a cabeza. No periódico aseguraban que eran asasinatos pero nunca se conseguira atopar o resto do corpo e incluso conseguindo toneladas de probas, non coincidía ningunha co ADN de ningún ser humano do mundo. Por estas razóns, en esta zona era chamada a mansión encantada.

Iván non fixo caso e foi para alí. Abriu en Melide unha tenda de informática na que ía



HISTORIAS DE 1º e 2º DE ESO

traballar todos os días. A el gustáballe moito a informática. De feito, no seu país, era considerado o mellor informático do mundo. Consegúa, a cambio de vinte euros, aumentar a potencia dun ordenador para transformalo en última xeración.

En Melide, a súa tenda comezou a ter éxito e xente de toda Galiza comezou a ir alí. Tan grande era o éxito que comezou a facer obras de remodelación na súa casa. Durante as obras non podía estar na casa e por esta razón aloxouse nun hotel. Cando as obras remataron e puido volver á casa, comezou a ter pesadelos. Neles saía a casa, ou o que quedaba dela, e el morto no medio. O certo é que dende entón pasaran cousas moi raras na casa, como que o primeiro día que tivo o pesadelo, as obras xa non estaban.

Todo estaba coma antes das obras, coma cando a comprou. Pero o que máis lle preocupou comezou á semana seguinte.

Un día, despois dun dos seus pesadelos, levantouse para ir ao baño e polo oco da escaleira viu un monstro que ninguén de vós, nin eu, que escribo esta historia porque Serxio e Iván eran meus amigos, pode imaxinar. Polo menos eso me contou Iván antes da súa trágica morte. El non foi capaz de describirmo con palabras. Tamén me contou que quería marchar e que ao mesmo tempo tiña curiosidade por saber que era aquilo. Un grave error. Pero volvo a historia.

Despois de ver á besta deu unha volta pola casa para comprobar se era unha broma de Serxio (ou miña). Cando volveu á súa habitación chamounos a Serxio e a min, pero eu non estaba en Melide, por sorte. Cando Serxio chegou, chamoume e contoume o que quedaba de Iván. Nada máis que restos. Tamén me dixo que ao lado do seu corpo había unha nota na que dicía: "Esnaquiza este lugar, non deixes que volva pasar o que me pasou a min, e fuxe, moi lonxe!"

Serxio seguiu falando comigo. Díxome que ía poñer unha bomba, cun ton de voz moi triste. Seguiu falando comigo ata que colocou a bomba. Nese momento oíuse unha explosión. Resulta que a bomba explotou estando el alí. Dous amigos mortos pero, polo menos, non volverá ocorrer xamais. Se vos conto esta historia, é para que saibades que se vides a Melide, non pasades por esa estrada se non queredes acabar mortos.

DAVID MÉNDEZ MARTÍNEZ, E.S.O. 2º D



O Libro máxico

Este conto comeza un día de outono, cando todos os nenos estaban no colexio, na clase de Lingua Castelá, con Paula. Todos os nenos coñecíana moi ben, porque era moi mala e esixente. Se ían cos exercicios sen facer, sacáballes 10 puntos, e os exames, xa nin falar. Ás veces xa sen dar a lección poñía para o día seguinte o exame. Resumindo, todos a odiaban.

Este día Paula, ademais de mandar dúas páxinas de exercicios, mandou facer un traballo sobre a maxia, e dixo así:

- Nenos, para mañá quero as páxinas 24, 25, 26 e 27, e tamén quero que fagades un traballo sobre a maxia. Podedes ir à biblioteca, pero mínimo son tres follas.


Cando os nenos oíron iso quedaron moi sorprendidos, pero xa sabían que se dicían algo sacáballes tres puntos.

Xaime, Carlos, Seila e Tania eran os catro mellores amigos da clase, sempre se axudaban uns aos outros. Os catro decidiron





HISTORIAS DE 1º e 2º DE ESO



facer o traballo xuntos e, así, quedaron ás seis en punto na biblioteca.

Cando estaban todos, entraron na biblioteca, pero en vez de preguntarlle à bibliotecaria polos libros de maxia, decidiron buscalos eles pola súa conta, xa que a bibliotecaria estaba moi ocupada.

Comezaron a buscar libros de maxia, segundo ían encontrando algo interesante nos libros ían copiando nun papel. Ían facer o traballo máis chulé da clase. Pero non imaxinaban o que lles esperaba alí, na biblioteca.

Sheila foi buscar un libro na estantería do fondo. Buscou...buscou..., ela quería atopar o libro axeitado; entón foi cando viu o lombo dun libro que poñía A MELLOR MAXIA DO MUNDO. Colleuno e quedou mirando para o libro, algo estrañada polo seu aspecto. Cando llo ensinou aos compañeiros dixeron:

- Que libro máis estraño! - dixo Tania

- Un momento, se este libro ten ollos, boca e nariz! - afirmou Carlos cuns ollos abertos coma pratos

- Ti estás tolo! como vai ter un libro ollos boca e nariz? A ver, dimo. Será que llos puxeron de adorno, para animar o libro. - dixo Xaime.

- Este libro debe ser interesante, porque se titula A MELLOR MAXIA DO MUNDO. - afirmou Tania.

Entón o libro abriu os ollos e preguntou:

- Quen sodes vós?

Os nenos asustáronse tanto que deron un berro, entón a bibliotecaria rifoulles:

- Silencio nenos, ou é que non sabedes as normas? Un pouquiño de respecto por favor.

Entón o libro engadiu:

- Oh! Perdoade, non vos uería asustar, só son un libro máxico que viaxou no tempo sen querer e agora estou neste sitio tan raro.

Os nenos, xa máis tranquilos, decidiron quedar en todos silencio excepto Sheila, que preguntou:

- É verdade que a maxia existe? Harry Potter existe como mago?

Sheila tiña un montón de preguntas.

- Si, todo iso existe, precisamente eu veño do castelo de Howards.

Os nenos decidiron levar o libro con eles, xa que na biblioteca, nin sequera sabían da súa existencia. Xa fora aproveitaron a ocasión e contáronlle o da profesora Paula entón ao libro ocorréuselle unha cousa:

- Mirade, eu amañarei o voso problema pero a condición de que os nenos pasen por 14 probas, e así o libro volverá ao seu mundo. Os nenos non viron ningún inconveniente.

Tiveron que enfrontarse a un dragón feroz, a un xigante a outras dice criaturas máis. Ao final quedaron moi esgotados pero o libro quedou moi contento deles e díxolles:

- Nenos eu xa cumprín o voso desexo con esa tal Paula, agora teño que marchar.

Despedíronse, apareceu unha luz e en cinco minutos xa desaparecera.

Ao día seguinte, no colexio os nenos sacaran un 10 no traballo, e ao rematar a clase os nenos falaban de Paula.

A partir dese momento a vida do libro e dos nenos foi moi normal, iso si, nunca esquecerían os momentos que pasaron co libro.

MIRIAM CEA OTERO, S1A